# Encontro: Rural Imaxinado. Do presente a un futuro porvir.

Organiza: Rede ReVOLTA http://revolta.usc.es/

O periodo post cuota, as mudanzas na distribución alimentaria mundial, a perda de servizos no rural ou o perda poboacional albiscan un futuro gris para o rural. Mais fronte a esta situación nos últimos tempos están abrollando unha manchea de proxectos innovadores e novos relatos que están relendo o pasado, presente e o futuro no rural.

Co Encontro *Rural Imaxinado. Do presente a un futuro porvir* procuramos tecer ese espazo de discusión critica que nos permita pensar que alternativas se están dando ou poden dar no medio rural, para que este siga sendo ese lugar cheo de vida. A cuestión á que se pretende apelar son: Que estamos facendo dende o medio rural para respostar aos reptos que nos enfrontamos no s. XXI?, e como podemos imaxinarnos o futuro que esta por vir?

A rede ReVOLTA de investigación en Agroecoloxía e Historia composta por varios grupos de investigación das universidades galegas abre este encontro á participación de facedores de experiencias innovadoras (culturais, sociais, económicas,…), investigadoras/es, activistas ou pensadores/as e interesadas/os en xeral. Este Encontro quere ser un espazo aberto alén da comunidade universitaria, así como convertirse nun novo lugar híbrido entre a universidade e a sociedade.

Convidamos a participar neste encontro a todas as persoas que poidan respostar as cuestión de: Como se reconceptualizan as comunidades na actualidade? A innovación é cousa so de empresas? ou que subxectividades, significados ou imaxinarios se dan hoxe no medio rural? E tamén aspiramos a coñecer esas outras formas/experiencias de alternativas do mercado? Así, os obxectivos deste encontro son: abrir un espazo de debate e interacción entre a universidade, activismos e iniciativas

UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional

WEB: http://revolta.usc.es/
FACEBOOK: https://www.facebook.com/rederevolta
TWITTER: https://twitter.com/REDEReVOLTA

emprendedoras así como coñecer novas ideas/procesos/relatos que se están dando no medio rural.

Os mesas temáticas nas que se deben insertar as ponencias serán en torno aos 4 eixos:

- Comunidade
- Outras economías
- Subxectividades
- Resiliencia/innovación

| | |
|---|---|
| Open Call | do 04/09/15 ao 15/10/15 |
| Data de celebración do Encontro | 13 de novembro |
| Lugar de celebración | Sala de prensa da Casa Concello de Lalín |
| Prezo | Gratuito |

UNIÓN EUROPEA

Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional

INFORMACIÓN DE ENVÍO DA PRESENTACIÓN

As/os autores ou colectivos que desexen facer unha presentación deben enviar un documento a rede.revolta@usc.es no que conste a seguinte información:

- Título
- Nome e apelidos do/s participante/s ou nome do colectivo, explotación, cooperativa…
- Localidade
- Resume da presentación (como máximo 300 palabras) ou vídeo, collage, fotos,... Valorarase moi positivamente formatos innovadores de presentación.

A organización cubrirá os custes de desprazamento das presentacións seleccionadas.

WEB: http://revolta.usc.es/
FACEBOOK: https://www.facebook.com/rederevolta
TWITTER: https://twitter.com/REDEReVOLTA

Calquer dúbida dirixirse a fran.quiroga@usc.es

COMITÉ ORGANIZADOR

Lourenzo Fernández Prieto, catedrático de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela.

Emilio Carral Vilariño, Doutor en Ciencias Biolóxicas, profesor da Área de Ecoloxía na Universidade de Santiago de Compostela.

Xoan Carmona Badía, catedrático de Historia e Institucións Económicas de la USC.

Carmen Espido, profesora titular da USC, pertencente ao grupo GESPIC.

Xoan Carlos Carreira, Doutor Enxeñeiro Agrónomo. profesor do departamento de Enxeñería Agroforestal da USC.

Eduardo Corbelle, profesor contratado no departamento de Enxeñería Agroforestal da USC.

María do Mar Pérez Fra, profesora contratada doutora do Departamento de Economía Aplicada, Área de Economía, Socioloxia e Política Agraria da USC.

Edelmiro López Iglesias, profesor titular no departamento de Economía Aplicada, área de Economía, Socioloxia e Política Agraria da USC.

Xavier Simón, profesor titular de Economía Aplicada na Universidade de Vigo.

Teresa Rodriguez, profesora titular do departamento de Zooloxía e Antropoloxía Física da USC.

COMITÉ OPERATIVO

Francisco G. Quiroga, xestor de I+D da rede ReVOLTA

María José Enríquez, investigadora no grupo Laborate USC

Gustavo Hervella, xestor I+D do grupo HISTAGRA USC

UNIÓN EUROPEA

Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional

WEB: http://revolta.usc.es/
FACEBOOK: https://www.facebook.com/rederevolta
TWITTER: https://twitter.com/REDEReVOLTA